

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE OUTUBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 26 de outubro de 2023, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 23 de outubro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, representante do PP
- D. Xabier Pérez Igrexas, representante do BNG
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 2a, 6a e 11a)
- D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo (asiste aos puntos 8a, 9b e 10b)
- D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (asiste aos puntos 9a e 10a)
- D^a. María del Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Transportes (asiste ao punto 11c)
- D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11d)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e a xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos (11048-320)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. (Lotes 1 e 2)
2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (Lote 2)

b) Outorgar un prazo de tres (3) días a APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO,S.L. (Lotes 1 e 2) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar un novo Anexo II do PCAP, asinado polo seu representante onde indique no punto d) "COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS", si se compromete a adscribir ao contrato os medios recollidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. BYSIDECAR, S.L.U.
2. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.

3- Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104)

Procédese á descriptación e apertura dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliável mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 2 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co/s licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica do Servizo de Turismo e a concelleira delegada da Área de Turismo e Xuventude o 20 de outubro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e a xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos (11048-320)

Retírase este asunto da orde do día pola necesidade de pedir emenda da documentación acreditativa dos requisitos previos a un dos licitadores presentados.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.	42.500,00 €
2	TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.	41.500,00 €

Asisten como público á apertura:

1. D^a Ángela Gómez Caruncho, en representación de TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.
2. D^a. Iria Talegón Castro, en representación de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 3 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 11 de outubro de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 10 de outubro de 2023, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con MOYPE SPORT, S.A. (Lote 4). Durante o prazo concedido, este licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

A vista do informe emitido polo xefe do Servizo de Deportes – Director Deportivo do 17 de outubro de 2023 no que se sinala que a licitadora non achega a documentación sobre a que fundamenta a xustificación e que afirma aportar, a Mesa acorda por unanimidade, solicitar aclaración sobre a mesma a MOYPE SPORT, S.A. (Lote 4), outorgándolle un prazo de tres (3) días hábiles ao efecto.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e o xefe de área de Investimentos o 23 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

Retírase este asunto da orde do día pola petición de aclaración a licitadora cuxa oferta está incursa en baixa anormal.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 4 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Frago" (1584-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,74
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,16
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,55
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	91,42
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,97
6	NAROM, S.L.	88,24
7	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	86,38
8	ORECO BALGON, S.A.	85,53
9	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	79,67

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de equipamentos deportivos para as instalacións deportivas municipais (22853-333)

Retírase este asunto da orde do día pola petición de aclaración a licitadora cuxa oferta está incurso en baixa anormal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 5 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 13 de outubro de 2023, concedeuse un prazo de 3 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación (19981-77) por procedemento aberto simplificado do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 21 de abril de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 30 de xuño de 2023, que rexerán a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

3º.- Aprobar o gasto de 70.422,00 euros (IVE incluído de 12.222,00 €) para a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 6 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo, distribuído do xeito seguinte:

- 17.605,50 € correspondentes ao ano 2023
- 35.211,00 € correspondentes ao ano 2024
- 17.605,50 € correspondentes ao ano 2025

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), na sesión que tivo lugar o 8 de setembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77):

	Licitador
1	AUTOS BREA, S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS BREA, S.L., o día 15 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida os días 19 e 20 de setembro, dentro do prazo concedido, e o día 9 de outubro de 2023, fora deste prazo. Documentación, esta última, que é admitida en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

Revisada a documentación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 13 de outubro de 2023, acordou conceder un prazo de 3 días a AUTOS BREA, S.L., para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP. Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 7 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AUTOS BREA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUTOS BREA, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 8 de setembro de 2023 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a AUTOS BREA, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do aluguer, na modalidade de renting, de elementos de transporte sen condutor para o desprazamento de traballadores/as do Plan Municipal de Emprego (19981-77) por un prezo total de 70.422,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.222,00 euros, e coa seguinte condición:

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto do 2 % a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 8 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 28 de setembro de 2023, concedeuse un prazo de 3 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.-Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación en materia de improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).

Segundo.-Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira delegada con data do 3 de outubro de 2022.

Terceiro.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación con data do 18 de outubro de 2022.

Cuarto.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 58.576,10 €; cun importe correspondente ao 21 % de IVE 5.798,10 €. O valor estimado do contrato de 79.167,00 €.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 9 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.-Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes; será cargado á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo) segundo a seguinte distribución de anualidades:

Sen prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024
3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo)	29.288,05 €	29.288,05 €

Con prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024	2025
3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo)	29.288,05 €	29.288,05 €	29.288,05 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Sexto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de NORFORMACIÓN, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de setembro de 2023, por superar, a súa oferta, o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP "As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.")

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334) na seguinte orde descendente:

LOTE 1

	Empresa licitadora	Total puntos
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	62

LOTE 2

	Empresa licitadora	Total puntos
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	64.50

LOTE 3

	Empresa licitadora	Total puntos
1	ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA	60,50



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA (Lotes 1, 2 e 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 4 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 13 de outubro de 2023, acordou conceder un prazo de 3 días a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP. Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 11 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ORAL DE GALICIA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 de agosto e 12 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de NORFORMACIÓN, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de setembro de 2023, por superar, a súa oferta, o orzamento base de licitación (Cláusula 5.6 do PCAP "As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas.")*
2. *Adxudicar a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA o lote 1 "Formación en improvisación oral", o lote 2 "Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa" e o lote 3 "Formación en narración oral" do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334) coas seguintes condicións:*
 - *Lote 1 "Formación en improvisación oral"*
 - *O prezo total do contrato é de 8.800,00 euros, IVE excluído.*
 - *Lote 2 "Actividades en improvisación oral nos centros escolares e na rúa"*
 - *O prezo total do contrato é de 32.868,00 euros, IVE excluído.*
 - *Lote 3 "Formación en narración oral"*
 - *O prezo total do contrato é de 11.110,00 euros, IVE excluído.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3896-449)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 12 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3896-449)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. e así mesmo. establecer un proceso de modelización da rede de transporte urbano da cidade co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimizar dita rede en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares redactado pola empresa INTO GALICIA CONSULTING SL, e asinado polo enxeñeiro técnico industrial e apoderado da empresa Juan Pablo Guerrero García, e polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Cesar Prieto García na data 8 de novembro de 2022 .

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 23 de marzo de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de trescentos noventa e nove mil seiscientos oitenta e dous € con noventa e tres céntimos (399.682,93 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 69.366,46 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, da partida orzamentaria 4411 2270600 "Estudio sobre liñas e frecuencias del TUC" de acordo coas seguintes anualidades IVE incluído:

ANO 2023	279.778,05 €
ANO 2024	119.904,88 €
TOTAL	399,682.93 €



Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 29 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa do Servizo de Transportes o 25 de setembro de 2023:

1. AIE MULTICRITERI – MCRIT: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.
2. UTE CONSULTORA ALOMON, S.L. - TEKIA INGENIEROS, S.A.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas por non cumprirse os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao devandito informe do 25 de setembro.
3. UTE INGARTEK CONSULTING, S.L. - CENTRO DE ESTUDIOS EN TRANSPORTES Y MOVILIDAD, S.L.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3896-449) na seguinte orde descendente:

Orde	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L.	93,12
2º	ANTEA IBEROLATAM, S.L.U.	88,15
3º	IDOM CONSULTING, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U.	80,65
4º	TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	78,80
5º	TRN TARYET, S.A.	58,72

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., o día 5 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 17 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 21 de agosto de 2023 e 25 de setembro de 2023, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 15 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón das exclusións adoptadas pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 29 de setembro de 2023, por conter as ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo xefe da Área de Inversións e a xefa do Servizo de Transportes o 25 de setembro de 2023:*
 1. *AIE MULTICRITERI – MCRIT: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.*
 2. *UTE CONSULTORA ALOMON, S.L. - TEKIA INGENIEROS, S.A.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas por non cumprirse os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao devandito informe do 25 de setembro.*
 3. *UTE INGARTEK CONSULTING, S.L. - CENTRO DE ESTUDIOS EN TRANSPORTES Y MOVILIDAD, S.L.: por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas ao non presentar xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar á UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría sobre o transporte urbano colectivo (3896-449) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 319.440,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 55.440,00 euros.*
 - b) *Propoñen un incremento da experiencia laboral do "Director/a Proxecto" con respecto ao mínimo esixido de 5 anos.*
 - c) *Propoñen un incremento da experiencia laboral do "Especialista en modelización mobilidade urbana" con respecto ao mínimo esixido de 5 anos.*
 - d) *O/a Director/a Proxecto ou o/a Especialista en modelización mobilidade urbana teñen formación específica no ámbito da xestión do transporte urbano.*
 - e) *Comprométense á realización dunha acción formativa en liña dirixida ao persoal técnico que designe o Concello de Vigo en relación aos procesos de simulación calibrado da rede de transporte urbano de Vigo, así como os distintos modelos para a definición de propostas de optimización da rede*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 16 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



de transporte urbano de Vigo a través dos procesos de modelización utilizados, dunha duración mínima de 10 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113)

A secretaria informa aos membros da Mesa de que tramitándose este procedemento de acordo coas obrigas derivadas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU, levouse a cabo o correspondente procedemento MINERVA en virtude da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, con aqueles participantes nas fases de valoración de ofertas e proposta de adjudicación, figurando, asemade, as correspondentes DACIs no expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/05/2023 e co conforme da Concelleira de Xestión Municipal e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda da mesma data.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 17 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/06/2023 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/06/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 27/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleiras de Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 29/06/2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 29/06/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa do Area de Contratación de data 30/06/2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 29/06/2023, co conforme da Xefa so Area de Contratación de data 30/06/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 103.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 17.876,03 €, dende o 1 de agosto de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	Partida/ Proxecto	Base	IVE	Total
2023	APL. FUNCIONALIDADES SERV. TARXETA CIDADA	9207.6410010	85,123.97 €	17.876,03 €	103,000.00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., o día 16 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón e D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 20 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 19 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

setembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10127-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 103.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.876,03 euros.
- b) Propón unha porcentaxe de desconto do 0 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:37	Páxina 20 de 20
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A84D-C3DF2C-C536A5-SED38M-TURAEU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		